

SESIÓN: VENRES 22 DE MAIO.

L. GALEGA.

3º DE ED. PRIMARIA.

Bos días, nenos e nenas:

Hoxe, remataremos a celebración do Día das Letras Galegas. Espero que coñecerades un pouquiño sobre o escritor ferrolán: Ricardo Carvalho Calero.


Lembrede, que aínda estades a tempo de enviarme o marcapáxinas “Día das Letras Galegas”.

Déixovos este texto, co que estivemos a traballar na sesión anterior, para que poidades seguir realizando as tarefas propostas:

AGORA

Case non fican soportais. Hai moitas casas de cemento. Axiña que chove un pouco, líxanse de tal xeito que son laidas de ver. Clara vive nunha casa das vellas, cun balcón e dous miradoiros, aos que aquí se lles chama costureiros, porque son axeitados para que as donas se senten neles a coser. Mais agora as mulleres cosen pouco. A casa de Clara está no barrio leste da cidade, no extremo oposto daquel en que nacín. Cando saio, algunhas xentes fálanme.

RICARDO CARVALHO CALERO



● Que utilidade teñen estes tipos de construcións galegas? Une.



HÓRREO ●

MUÍÑO DE AUGA ●

PALLOZA ●

POMBAL ●

ALVARIZA ●

● *Construción onde viven as pombas domésticas.*

● *Vivenda de planta oval ou redonda, que está feita de pedra e cuberta de palla.*

● *Construción feita sobre columnas que se utiliza para gardar, xeralmente, o millo.*

● *Construción consistente nun muro circular, onde se gardan as colmeas.*

● *Edificio onde hai aparellos para moer que se moven pola forza da auga.*

● Debuxa como imaxinas a casa de Clara.




- Asocia as letras e escribe o nome de cada unha das partes da casa no lugar que lle corresponde.

CHEMINEA TELLADO CORTE GALERÍA PORTA
FIESTRA COCIÑA FORNO ESCALEIRA SOBRADO




A
B
C
D
E
F
G
H
I
L

Localiza os tipos de construcións que aparecen no recadro.




RAÑACEOS
IGLÚ
PAZO
CASTELO
CABANA
PALAFITO
TIPI



Clara é o nome da protagonista deste texto. Pensa, no menor tempo posible, en nomes de nenas e nenos en galego e que comecen por...

P _____	NENOS	R _____	NENOS
P _____	NENAS	R _____	NENAS

As construcións cambiaron moito ao longo do tempo. Pescuda, contando de 8 en 8, como eran estas vivendas en Galicia hai moitos anos.



Rematamos a semana, pero antes quero dicirvos que estou moi contenta co voso traballo e que sego botándovos moitísimo de menos.

Boa fin de semana! Xogade moito e divertídevos!

Quérovos.

Loli.

